

Ola, rapazas e rapaces. Que tal a fin de semana? Espero que ben, aínda que o tempo non fose tan bo como a semana anterior. Non se puido disfrutar da praia.

Imos corrixir primeiro os exercicios de Competencia lectora do xoves.

CORRECCIÓNS

Exercicio 3- Páxina 180

-A historia transcorre nun porto.

-Uns van recibir aos pais e aos irmáns que volven de traballar no mar despois dunha longa xornada; outros, a maioría, van gañar o pan axudando a descargar o peixe, limpando os barcos ou cosendo os buratos que traen as redes.

-Aquela tarde varias naves maxestosas botaron áncora preto do porto e a nave capitá entrou nel.

Exercicio 4- Páxina 180

O destino de Abel era ser mariñeiro nun daqueles barquiños de pesca. Pero el o que quería era viaxar e vivir aventuras no mar.

Exercicio 5- Páxina 180

-É o momento no que o capitán Magalhaes se decata de que Abel está contemplando o seu barco.

-Antes, catro espléndidas naves botaran áncora preto do porto onde se atopaba Abel, e a nave capitá de Magalhaes entrara nel.

-Despois, o capitán Magalhaes invita a Abel a subir ao seu barco e remata contratándoo como grumete.

Exercicio 6- Páxina 180

Ao día seguinte Abel marchou a dar a volta ao mundo ás ordes do capitán Magalhaes e viviu tantas aventuras coma el mesmo desexara, ou máis.

Hoxe imos explicar o que son **os arcaísmos**. Son palabras que se usaban en etapas anteriores da lingua galega, pero que actualmente foron substituídas por outras. É dicir, son palabras antigas do galego. **Por exemplo: nao** por nave.

Aínda que é posible atopalos nalgúns textos, hai que evitar a súa utilización.

A tarefa de hoxe é a seguinte:

-Exercicios 1, 2 e 3 da páxina 181 (para traballar o vocabulario relacionado co porto).

-Exercicios 4 e 5 da páxina 181 (para traballar os arcaísmos).

Rematamos a sesión de hoxe. Que teñades un bo comezo de semana.

Bicos